

DEPARTAMENTO DE FILOSOFÍA

Profesora: María del Pilar Maceiras Neira

**HISTORIA DA FILOSOFÍA DE 2 º CURSO DE BACHARELATO.**

INTRODUCCIÓN

A materia da Historia da Filosofía representa un afondamento e integración conceptual na análise das cuestións epistemolóxicas, ontolóxicas, antropolóxicas, éticas e políticas de Filosofía de 1º de bacharelato.

A reflexión filosófica nesta materia afróntase cunha perspectiva histórica, percorrendo cronoloxicamente as diferentes problemáticas e respostas que cada época e autor foron presentando. Non obstante, non debería ser un simple compendio de autores e autoras, senón un intento de achegamento ao esforzo do ser humano por comprender a realidade e o propio ser humano en todas as súas dimensións. Permitíranos comprender o pasado e o presente, e proxectar respostas abertas sobre os problemas que se nos formulen no futuro. Perséguese, pois, un tratamento contextualizado en cada época, pero conectando as temáticas estudadas cos problemas e retos da sociedade actual.

**GUÍA BREVE DA MATERIA HISTORIA DA FILOSOFÍA DE 2 º CURSO DE BACHARELATO**

A presente guía pretende ser un instrumento para facilitar ao alumnado o percorrido pola materia, de modo que poida seguila para acadar un resultado positivo. Pode que sexa preciso facer algunha modificación nela ao longo do curso, tendo en conta a heteroxeneidade e o ritmo do noso alumnado e outros factores.

**1. METODOLOXÍA**

É moi importante a asistencia á clase regularmente, xa que facilita avanzar e comprender mellor os contidos. Ademais, o alumnado debe traballar pola súa para aplicar e reforzar os coñecementos adquiridos. O alumnado poderá resolver dúbidas nas titorías de orientación.

**2. MATERIAIS E RECURSOS**

- **A Aula Virtual**
- **Apuntamentos** da profesora que se utilizarán no presente curso distribuídos por temas e avaliacións.
- **Textos seleccionados na “antoloxía de textos” PAU 2026.**
- **vídeos titoriais** de apoio das explicacións.
- Seguiranse as instrucións e estrutura da PAU para a realización de actividades de comentario de textos e demais preguntas teóricas. É conveniente consultar a **páxina da CIUG.**

- **Outros materiais complementarios** de índole variada poden ser compartidos nas clases presenciais ou a través da Aula virtual do centro.
- O **manual de texto recomendado** é o da editorial Rodeira, grupo edebé: HISTORIA DA FILOSOFÍA 2. Doutra maneira. ISBN: 978-84-8349-832-3.

### 3. TEMPORALIZACIÓN E CONTIDOS POR AVALIACIÓN

A totalidade dos contidos que integran a materia de Historia da Filosofía están recollidos no Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do Bacharelato da CCAA de Galicia. Estes poderán ser consultados na programación didáctica en toda a súa extensión. Seguindo o currículo, a materia desenvólvese a través das seguintes seis unidades didácticas:

| Secuencia | Título da UD                             | Descrición                                                                                                                                                                                            |
|-----------|------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| 1         | Filosofía clásica: Platón                | Cosmos, Realidade e Coñecemento en Platón (del mito ao logos). Platón: ética e política.                                                                                                              |
| 2         | Filosofía clásica: Aristóteles           | Física e Metafísica en Aristóteles. Ética antirelativista e política en Aristóteles.                                                                                                                  |
| 3         | Filosofía moderna                        | Descartes: o método científico e a evidencia do cogito. Hume: crítica das ideas de substancia e causalidade. O liberalismo político e contractualismo de Locke.                                       |
| 4         | Filosofía Ilustrada                      | Ilustración: os límites do coñecemento en Kant. A ética formal en Kant: o imperativo categórico.                                                                                                      |
| 5         | Filosofía contemporánea: século XIX      | Alienación e ideoloxía en Marx. Nietzsche: nihilismo, vitalismo e transvaloración.                                                                                                                    |
| 6         | Filosofía contemporánea: século XX e XXI | Da “razón vital” (Ortega y Gasset) á “razón poética” (María Zambrano). A crítica ao totalitarismo. A condición humana en H. Arendt. O desenvolvemento contemporáneo do feminismo: Simone de Beauvoir. |

A amplitude da materia fai conveniente rescatar uns contidos mínimos atendendo principalmente ás esixencias da PAU, se ben sen incorrer en saltos históricos que fagan perder o sentido e comprensión da materia. Por outra banda, ao longo do curso estudaremos o **contexto histórico, filosófico, biografía e obras dos distintos pensadores, así como as súas influencias e repercusións.**

### **3.2. TEMPORALIZACIÓN E CONTIDOS MÍNIMOS POR AVALIACIÓN**

- **CONTIDOS MÍNIMOS 1ª AVALIACIÓN**

- **UNIDADE DIDÁCTICA 1. FILOSOFÍA CLÁSICA. ORIXES DA FILOSOFÍA OCCIDENTAL. PLATÓN.**
  1. O xurdimento da Filosofía Occidental en Grecia: o paso do mito ao logos.
  2. A orixe do cosmos na corrente presocrática.
  3. Dialéctica socrática e Relativismo dos sofistas.
  4. A teoría das Ideas en Platón: Realidade e coñecemento.
  5. Antropoloxía, ética e política en Platón.
- **UNIDADE DIDÁCTICA 2. FILOSOFÍA CLÁSICA. ARISTÓTELES.**
  1. O Realismo aristotélico fronte ao Idealismo platónico.
  2. Física e Metafísica en Aristóteles.
  3. Ética e Política en Aristóteles.
  4. Cambio de horizonte do filosofar: Cristianismo e Filosofía.

- **CONTIDOS MÍNIMOS 2ª AVALIACIÓN**

- **UNIDADE DIDÁCTICA 3. FILOSOFÍA MODERNA. DESCARTES, LOCKE, HUME.**
  1. Filosofía Moderna: Racionalismo e Empirismo.
  2. O problema do método e a evidencia do cogito.
  3. Teoría do Contrato Social e Liberalismo político en Locke.
  4. Crítica aos conceptos de substancia e causalidade en Hume.
- **UNIDADE DIDÁCTICA 4. FILOSOFÍA ILUSTRADA. KANT.**
  1. O proxecto ilustrado e a idea kantiana da Ilustración.
  2. Os límites do coñecemento en Kant. Situación da Metafísica e problema do coñecemento.
  3. A lei moral en Kant. Formalismo moral.

- **CONTIDOS MÍNIMOS 3ª AVALIACIÓN**

- **UNIDADE DIDÁCTICA 5. FILOSOFÍA CONTEMPORÁNEA DO SÉCULO XIX.**

1. Alienación e Ideoloxía en Marx.
2. A crítica á cultura occidental en Nietzsche: Nihilismo, Vitalismo e transvaloración.

- **UNIDADE DIDÁCTICA 6. FILOSOFÍA CONTEMPORÁNEA DOS SÉCULOS XX e XXI.**

1. O pensamento feminista dende a Ilustración. O desenvolvemento contemporáneo do Feminismo: Simone de Beauvoir.
2. Crítica ao Totalitarismo. A condición humana en Hannah Arent.
3. Da “Razón Vital” de Ortega e Gasset á “ Razón Poética” en María Zambrano.

#### **4. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.**

- **PROBAS ESCRITAS DE CONTROL DE APRENDIZAXE.**

Ao final de cada avaliación o alumnado deberá realizar unha proba escrita ( exame) que reflicta o seu dominio dos contidos impartidos. Haberá tres exames “oficiais” que se corresponderán coas tres avaliacións do curso e supoñen o 80% da cualificación trimestral. Como criterio xeral, as probas seguirán a estrutura e determinación da cualificación marcada por CIUG, se ben ao longo do curso poderanse realizar cambios no modelo de exame en función das distintas circunstancias que se presenten, e notificándollo ao alumnado. Todas as probas escritas que se realicen recollerán a puntuación máxima que se pode obter en cada cuestión.

Ademais das probas oficiais de avaliación realizaranse controis ou parciais ( mínimo un por avaliación) sobre os contidos das unidades didácticas impartidas, podendo combinar distintas formulacións: test, textos, cuestións de desenvolvemento, etc. Estes tamén reflectirán a puntuación con que será avaliada cada cuestión. Os controis da materia que se realicen suporán un 20% na cualificación, se ben ha de obterse un mínimo de 4 no exame de avaliación para poder aprobala. O aprobado sitúase no 5. O alumnado que non se presente ou non supere algunha das tres avaliacións poderá presentarse á proba final fixada polo centro para recuperar a materia. Nas probas escritas valoraranse os coñecementos, redacción, argumentación, claridade expositiva e ortografía. Tanto para obter a nota de cada trimestre (sumando as notas dos parciais) como a nota final do curso (sumando as notas das tres avaliacións) farase a media aritmética, sempre e

cando a cualificación non sexa inferior a 4. Cando a nota do exame ou avaliación sexa inferior a 4 non fará media e haberá que recuperar. O exame final será de recuperación das avaliacións que cada alumna/o teña pendente/s, agás que na avaliación obtivera unha cualificación mínima de 4 e a media das tres avaliacións permita obter un 5.

O alumnado que non se presente ou non supere algunha das tres avaliacións poderá presentarse á proba final fixada polo centro para recuperar a materia.

Para aprobar deberá obterse unha cualificación de 5 puntos nos exames. Neles valoraranse os coñecementos, redacción, argumentación, claridade expositiva e ortografía.

Tanto para obter a nota de cada trimestre (sumando os parciais) como a nota final do curso (sumando as notas das tres avaliacións) farase la media aritmética, sempre e cando a cualificación non sexa inferior a 4. Cando a nota do exame ou avaliación sexa inferior a 4 non fará media e haberá que recuperar.

O exame final será de recuperación das avaliacións que cada alumna/o teña pendente/s, agás que na avaliación obtivera unha cualificación mínima de 4 e a media das tres avaliacións permita obter un 5.

**A proba extraordinaria de xuño versará sobre a totalidade da materia,** sendo o aprobado o 5. O exame seguirá as directrices de CIUG tanto na estrutura como na determinación dos criterios de cualificación.

Todas as probas escritas que se realicen ao longo do curso recollerán a puntuación máxima que se pode acadar en cada cuestión.

A Coruña, 14 de setembro do 2025